




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Corcubión. Parroquias: San Pedro de Redonda. Extensión: 1,75km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Área conformada por unha elevación montañosa de composición de xistos no centro, e granítica no oeste, onde dá lugar a unhas pendentes máis tendidas cara ao leste, ao norte do Cabo de Cee. Entre estes baixos cantís e as ladeiras do Alto da Vela, dáse unha pequena chaira costeira irregular.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade repártese entre o Dominio hercínico dos granitoides migmáticos en facies deformadas, das zonas costeiras baixas orientais e os xistos e paragneis que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, de Idade precámbrico-silúrica, existentes nas partes altas. O Cuaternario está representado por depósitos coluviais de ladeira existente entre estas dúas áreas litolóxicas na parte norte, respondendo aos detritos xerados desde os materiais metamórficos.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas da orde de 1200mm a 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos tipo umbrisol e cambisol dístrico na maior parte da vertente. Tan só os sectores de maior pendente e onde aflora o substrato rochoso en superficie presentan solos máis pobres e de escaso desenvolvemento, fundamentalmente regosois e leptosois líticos.


#### AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade recolle as augas da ladeira suroriental do Alto da Vela. A proximidade desta elevación ao mar impide o desenvolvemento de cursos fluviais de importancia, dos que o máis destacado é o arroyo que verte nas proximidades do Cabo de Cee, na masa de Augas Costeiras 20144.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade rochosa baixa, na que aparecen como hábitats máis estendidos o 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210, de vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado. Este último adquire grande importancia ao existir plataformas rochosas en case toda a liña de costa e numerosas acumulacións de praias de cantos e bloques. Sobre os cantís aparecen algúns sectores con mato seco costeiro, en concreto, os hábitats 4330, breixos secos europeos e 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Existen algunhas formacións de frondosas de recolonización, arredor dos núcleos de poboación, nas súas áreas de cultivo, sobre todo no lugar da Amarela. Alí aparece tamén unha pequena masa derivada de antigas carballeiras e soutos (9330, bosques galaicos-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica e 9360, bosques de Castanea sativa).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

En xeral, no conxunto formado polas unidades da Oliveira e Redonda experimentou unha escasa intervención humana. A maior parte da superficie está dedicada a un uso forestal, composta por masas mixtas e algunha parcela con árbores de repoboación. As superficies de cultivo atópanse ao redor dos núcleos existentes, orientadas claramente cara á fachada litoral. Cabe destacar, pola súa localización na fachada litoral afastados dos núcleos, a aparición de dous novos usos. O primeiro é un campo de fútbol e o segundo é unha zona de acampada.

#### MORFOLOXÍA

A unidade en xeral, está moi pouco poboada, cun único asentamento, que é o núcleo tradicional de Oliveira. Este núcleo aséntase na ladeira este do Monte do Quenxe, dominando as terras de cultivo que se estenden até a fachada litoral. A súa distribución sobre o territorio é de forma lineal apoiado no viario existente e formando unha estrutura pechada e unha tipoloxía características de poboacións tradicionais. Na parte norte do núcleo consolidouse un grupo de vivendas con carácter residencial e tipoloxía unifamiliar de dúas ou máis alturas que están dentro dunha trama parcelaria. Existe tamén algunha construción dispersa, entre elas o Castelo do Cardeal.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No conxunto formado polas unidades A Oliveira e Redonda, as estruturas de mobilidade están compostas por dúas estradas principais, a AC-445, que é a estrada que une Fisterra con Corcubión bordeando toda a costa e a C-2801, que partindo da AC-445, no lugar de San Roque, toma dirección sur, pasando pola Redonda e continuando até chegar ás inmediacións do Faro Cee, onde vira cara ao norte para ir paralela á costa até chegar a Corcubión. O resto da rede viaria componse de camiños tradicionais que dan acceso á costa e ás parcelas de cultivo.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural catalogado na unidade está composto polo BIC Castelo do Cardeal. Situado na entrada da ría de Corcubión, era utilizado como fortificación defensiva. Este castelo forma parella co Castelo do Príncipe, que situado alén da ría, permitía, mediante lume cruzado a súa defensa. O Faro Cee, situado no cabo que leva o seu mesmo nome, foi construído en 1860 para dotar á Ría de Corcubión dun punto de iluminación que facilitase a súa entrada. En canto ao patrimonio arqueolóxico cabe destacar o Castro da Redonda, situado no límite norte desta unidade, á beira do núcleo de Oliveira.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Esta unidade forma parte xunto coa unidade de Redonda dun conxunto de gran singularidade. Trátase dunha formación peninsular formada por dous cabos, onde no seu interior se eleva o Monte Quenxe, vertendo as súas ladeiras polo lado este cara a a Ría de Corcubión, polo oeste á Enseada do Sardifeiro e polo sur ao Océano Atlántico. No seu interior organízase o núcleo de Oliveira que, sobre unha topografía de formas suaves, é un conxunto que acolleu moi poucas actividades antrópicas.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

O conxunto das unidades A Oliveira e Redonda mantívose en perfecto estado de conservación ao longo do tempo, sen experimentar ningunha transformación apreciable que destruxera a organización da súa paisaxe. En xeral a transformación máis evidente que tivo o conxunto é a ampliación das infraestruturas de comunicación. O cambio máis significativo que se produciu na unidade é a instalación dun campo de fútbol no Cabo Cee, á beira do faro e o establecemento dunha zona de acampada. En canto ao soporte biótico, o abandono de terras de cultivo pasando estas a ser ocupadas por masas de árbores de repoboación.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A paisaxe do conxunto formado polas unidades de Redonda e A Oliveira supón un fito paisaxístico de grande importancia, xa que é a zona de transición entre as Rías Baixas e a Costa da Morte, conxugando perfectamente a calma e o acougo das Rías coa bravura e a natureza salvaxe da Costa da Morte. Un punto de observación desde onde podemos ter unha excelente panorámica de todo o conxunto, é desde a cima do Monte Quenxe, a parte permítenos unha visibilidade de toda a beira oposta da Ría de Corcubión. A unidade da Oliveira, aínda que máis atopizada que a de Redonda, aínda mantén uns valores naturais elevados, destacando sobre todo a conservación do mosaico de parcelas que cobren as súas ladeiras.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -10 m
-  -20 m
-  -50 m
-  -100 m
-  -200 m
-  -500 m
-  -1000 m
-  -2000 m
-  -3000 m












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



